



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000902

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO DE MUSEOS

EXPEDIENTE:2019/G003/000902

ANTECEDENTES:

-Subvención outorgada pola Deputación da Coruña para a contratación laboral temporal dun técnico/a de museo, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 23 do 23/05/2019 e da resolución de Presidencia núm. 2019/20405.

-Bases reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de técnico/a de museo en réxime laboral temporal aprobadas pola resolución de Alcaldía nº 58172019 do 3 de outubro.

- Proposta do tribunal de data 29/11/2019.

Logo de ver que os aspirantes propostos polo tribunal cualificador como aprobados e integrantes da bolsa de emprego presentaron no prazo outorgado, de cinco días naturais, a documentación esixida na base 5ª das reguladoras no proceso selectivo e que cómpre elevar a definitiva a composición da bolsa de emprego.

Logo de ver a resolución de Alcaldía núm. 815/2019 do 11/12/2019 na que se aproba a relación definitiva de candidatos/as que superaron o proceso selectivo para a formación da bolsa de emprego de técnico/a de museo, consonte á proposta formulada polo tribunal de data 29/11/2019 por orde decrecente, segundo a puntuación total outorgada, a cal foi a seguinte:

1. ABAD BARREIRO, ARACELI	7,88
2. HERRERO LIAÑO, SABELA	7,15
3. CASTRO RODRIGUEZ, SONIA MARIA	3,95

Logo de ver que na mesma resolución se resolve proceder á contratación como técnica de museo da candidata que corresponda, que segundo a base 10ª sería a aspirante que figura no posto nº 1 da bolsa de emprego, Dª Araceli Abad Barreiro, convócase á mesma para facer efectiva a contratación.

Logo de ver o escrito con R.E. núm. 3944/2019 do 13 de decembro presentado por Dª. Araceli Abad Barreiro no que renuncia, sen causa xustificada, á praza de técnico de museo, aceptada a renuncia, convócase á candidata núm. 2 da bolsa, Dª. Sabela Herrero Liaño, para a sinatura do contrato.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000902

Logo de ver o escrito con R.E. núm. 3971/2019 do 17 de decembro presentado por D^a. Sabela Herrero Liaño no que renuncia ao posto de técnico de museo, manifestando estar desenvolvendo un traballo remunerado noutra administración en virtude de relación laboral nas datas nas que se efectúa o chamamento, considérase como xustificada a mesma e convócase á candidata núm. 3 da bolsa, D^a Sonia María Castro Rodríguez para a sinatura do contrato.

Aceptadas as renuncias das candidatas núm. 1 e 2 á bolsa de emprego e tendo en conta o contido da base 10, as aspirantes pasan a ocupar a derradeira posición na lista, por orde de prelación, quedando a bolsa de emprego da seguinte maneira:

- | | |
|---------------------------|------|
| 1. ABAD BARREIRO, ARACELI | 7,88 |
| 2. HERRERO LIAÑO, SABELA | 7,15 |

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a bolsa de emprego de técnico/a de museo consonte á proposta formulada polo tribunal de data 29/11/2019 por orde decrecente de puntuación obtida polos candidatos/as:

- | | |
|----------------------------------|------|
| 1. ABAD BARREIRO, ARACELI | 7,88 |
| 2. HERRERO LIAÑO, SABELA | 7,15 |
| 3. CASTRO RODRIGUEZ, SONIA MARIA | 3,95 |

Segundo: Aceptar a renuncia á bolsa de emprego do posto de técnico/a de museo de D^a. ARACELI ABAD BARREIRO sen causa xustificada, e a de D^a. SABELA HERRERO LIAÑO por estar desenvolvendo un traballo remunerado noutra administración en virtude de relación laboral ou funcional nas datas nas que se efectúa o chamamento.

Terceiro: Aprobar a actualización da bolsa de emprego tendo en conta a aceptación das renuncias das aspirantes dos postos núm. 1, sen causa xustificada polo que pasará a ocupar o derradeiro lugar na bolsa, de conformidade coa base 10, e tamén da aspirante núm. 2, con causa xustificada ao alegar e acreditar que se encontra traballando, polo que de acordo coa base 10 a formación da bolsa de emprego quedará do seguinte xeito:

1. CASTRO RODRÍGUEZ, SONIA MARIA
2. HERRERO LIAÑO, SABELA
3. ABAD BARREIRO, ARACELI

Cuarto: Proceder á contratación laboral temporal como técnica de museo para o “Museo Torre Pujales” de Corme da candidata núm. 3 da bolsa de emprego, D^a **SONIA MARIA CASTRO**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000902

RODRIGUEZ, polo período comprendido entre o 18 de decembro de 2019 ata o 30/04/2020, data de remate da prórroga concedida pola Deputación Provincial da Coruña, relativa á convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2019.

Quinto: Publicar esta resolución na web municipal e no taboleiro de anuncios do concello para a súa publicidade e xeral coñecemento.

Sexto: Notificar á interesada, dar conta á Intervención, ao Técnico de Emprego, aos efectos da xestión da bolsa de emprego e ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

O alcalde,

Diante miña, dou fe:
O secretario accidental,

D. Xosé Lois García Carballido

D. Emilio Caínzos Quintás

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.